

Xoves, 17 de agosto de 2023

Núm. 158

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*DETERMINACIÓN DO NÚMERO, RÉXIME E NOMEAMENTO DO PERSOAL EVENTUAL
NA LEXISLATURA 2023-2027*

ANUNCIO

*“DETERMINACIÓN DO NÚMERO, RÉXIME E NOMEAMENTO DO PERSOAL EVENTUAL NA
LEXISLATURA 2023-2027”*

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de data 19 de xuño de 2023, adoptou acordo do número e réxime do persoal eventual no período 2023-2027 (Expediente administrativo núm. 42535/220).

O que se fai público de conformidade co establecido no artigo 104.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

“Primeiro.- Aprobar o número e réxime do persoal eventual do Concello de Vigo para o período 2023-2027, ao abeiro da normativa vixente, establecendo o réxime de dedicación a xornada completa e na condición de persoal eventual para os postos reservados a esta clase de persoal que de seguido se indican, existentes na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo para o ano 2023 (BOPPO n.º 93, do martes 16 de maio do 2023; todo elo no marco do establecido no informe emitido pola Superior Dirección Orzamentaria e Contable en data de sinatura electrónica 23/10/2022 (expediente 76/142) e que obra incorporado aos Orzamentos Municipais 2023, segundo as categorías e réxime retributivo seguintes:

- 1 Director/a de Gabinete da Alcaldía, cunha retribución bruta anual de 50.768,90 €.
- 1 Adxunto/a á Dirección de Gabinete da Alcaldía, cunha retribución bruta anual de 48.006,14€.
- 1 Director/a de Comunicación, cunha retribución bruta anual de 48.486,34 €.
- 1 Asesor/a de Relacións institucionais e Protocolo, cunha retribución anual bruta de 42.161,42€.
- 1 Secretario/a particular, cunha retribución bruta anual de 34.968,92 €.
- 8 Asesores/as, cunha retribución bruta anual de 34.968,92 € por dotación.
- 7 Auxiliares, cunha retribución bruta anual de 24.988,60 € por dotación.



Xoves, 17 de agosto de 2023

Núm. 158

Segundo.- Acordar que a dedicación plena do devandito persoal implicará, ademais do cumprimento da xornada laboral ordinaria, a incompatibilidade para calquera actividade pública ou privada por conta allea ou propia, nos termos do contemplado na normativa vixente.

Terceiro.- Dispoñer que as retribucións anuais brutas do persoal eventual aboaranse en catorce pagas e revisaranse anualmente na mesma proporción que as do resto do persoal ao servizo do Concello de Vigo.

Cuarto.- Lembrar que a condición de persoal eventual implicará en todo caso a aplicación do réxime que para o mesmo contempla o artigo 12 do TREBEP citado nos fundamentos xurídicos da presente resolución, así como na normativa de concordante aplicación, podendo ser libremente nomeados e cesados consonte ao establecido no citado precepto, así como á normativa vixente en materia de réxime electoral xeral.

Quinto.- Dispoñer que o nomeamento do persoal eventual se realizará por Resolución da Excm. Alcaldía-Presidencia, no uso das competencias atribuídas polo artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, debendo publicarse a citada resolución no diario oficial que corresponda, xuntamente coas retribucións e réxime de prestación das funcións de asesoramento ou confianza especial.

Sexto.- Establecer asimesmo a súa inclusión réxime de publicidade previsto no artigo 104. Bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local citada, dispoñendo a publicación con periodicidade semestral na sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do número de postos de traballo reservados a persoal eventual, dando conta ao Pleno da Corporación con carácter trimestral.

Sétimo.- Notificar o presente acordo á Concellería-Delegada da Área competente en materia de persoal, Intervención Xeral Municipal, Dirección do Gabinete da Alcaldía, Grupos políticos municipais, persoal técnico responsable da xestión da Seguridade Social, Inspección de persoal, e persoas interesadas aos efectos procedentes.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa."

En consecuencia, por Resolucións da Excm. Alcaldía-Presidencia, no uso das competencias atribuídas polo artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, de datas de sinatura dixital 19/06/2023, 04/06/2023, 06/07/2023 e 10/07/2023, procedeuse ao nomeamento do persoal eventual na lexislatura 2023-2027 (Expediente administrativo núm. 34264/220).



Xoves, 17 de agosto de 2023

Núm. 158

O que se fai público de conformidade co establecido no artigo 104.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Por resolución de data de sinatura dixital 19/06/2023:

“Nomear, con efectos económicos e administrativos do 19 de xuño do 2023, ao persoal eventual que seguidamente se relaciona, en aplicación da normativa vixente en materia de réxime local, contido no cadro 1 subseguinte:

CADRO 1			
POSTO DE TRABALLO (reservado a persoal eventual na RPT 2023)	DEDICACIÓN	RETRIBUCIÓN BRUTA ANUAL	NOME E APELIDOS
Directora de Gabinete da Alcaldía	Xornada completa	50.768,90 €	NEREA PARDO SILVA
Directora de Comunicación	Xornada completa	48.486,34 €	MÓNICA RODRÍGUEZ DAPONTE
Asesora de Relacións Institucionais e Protocolo	Xornada completa	42.161,42 €	DIANA ROMÁN IGLESIAS
Asesora	Xornada completa	34.968,92 €	ANA BELÉN LÓPEZ VILLAR
Asesor	Xornada completa	34.968,92 €	PABLO GONZÁLEZ MANJÓN
Asesor	Xornada completa	34.968,92 €	MANUEL ALEJANDRO FERNÁNDEZ GARRIDO
Asesora	Xornada completa	34.968,92 €	ROCÍO PEREIRA RODRÍGUEZ
Asesora	Xornada completa	34.968,92 €	MAGOYA MÉNDEZ MARTÍNEZ
Asesora	Xornada completa	34.968,92 €	M. ^a CARMEN PERALEJO ABELEIRA
Asesora	Xornada completa	34.968,92 €	INÉS SANTOS COBO
Auxiliar	Xornada completa	24.988,60 €	HUGO WALDEN LERUTTI

Notifíquese a presente resolución á Concellería-Delegada da Área competente en materia de persoal, Intervención Xeral Municipal, Dirección do Gabinete da Alcaldía, persoal técnico encargado da xestión da Seguridade Social, Inspección de Persoal, Grupo Municipal socialista no Concello de Vigo e persoas interesadas aos efectos procedentes”.

Por resolución de data de sinatura dixital 04/06/2023:

“Nomear, con efectos económicos e administrativos do 04 de xullo do 2023, ao persoal eventual que seguidamente se relaciona, en aplicación da normativa vixente en materia de réxime local, contido no cadro 1 subseguinte:



Xoves, 17 de agosto de 2023

Núm. 158

CADRO 1

POSTO DE TRABALLO <i>(reservado a persoal eventual na RPT 2023)</i>	DEDICACIÓN	RETRIBUCIÓN BRUTA ANUAL	NOME E APELIDOS
Asesora	Xornada completa	34.968,92 €	NURIA SAINZ FERNÁNDEZ
Auxiliar	Xornada completa	24.988,60 €	MARÍA LUZ BARCIELA BASTOS
Auxiliar	Xornada completa	24.988,60 €	MARÍA CONCEPCIÓN FRAGUEIRO FERNÁNDEZ
Auxiliar	Xornada completa	24.988,60 €	CRISTIAN LÓPEZ IGLESIAS

Notifíquese a presente resolución á Concellería-Delegada da Área competente en materia de persoal, Intervención Xeral Municipal, Dirección do Gabinete da Alcaldía, persoal técnico encargado da xestión da Seguridade Social, Inspección de Persoal, Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Vigo, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vigo, a Oficina do Valedor do Cidadán e as persoas interesadas aos efectos procedentes”.

Resolución de data de sinatura dixital 06/07/2023:

“Primeiro.- Cesar D^a Ana Belén López Villar no posto de Asesora (persoal eventual) ao cal foi nomeado por resolución administrativa de data 19/06/2023, con efectos económicos e administrativos da data da presente resolución.

Segundo.- Nomear, con efectos económicos e administrativos da data da presente resolución, ao persoal eventual que seguidamente se relaciona, en aplicación da normativa vixente en materia de réxime local, contido no cadro 1 subseguinte:

POSTO DE TRABALLO <i>(reservado a persoal eventual na RPT 2023)</i>	DEDICACIÓN	RETRIBUCIÓN BRUTA ANUAL	NOME E APELIDOS
Adxunto/a á Directora de Gabinete da Alcaldía	Xornada completa	48.006,14 €	ANA BELÉN LÓPEZ VILLAR
Secretario/a particular	Xornada completa	34.968,92 €	LORENA PARDO SILVA
Asesor	Xornada completa	34.968,92 €	AARÓN GONZÁLEZ GONZÁLEZ (A nomear no posto vacante de Asesor/a tras o cese de Ana Belén López Villar)

Notifíquese a presente resolución á Concellería-Delegada da Área competente en materia de persoal, Intervención Xeral Municipal, Dirección do Gabinete da Alcaldía, persoal técnico encargado da xestión da Seguridade Social, Inspección de Persoal, Grupo Municipal socialista no Concello de Vigo e persoas interesadas aos efectos procedentes”.



Xoves, 17 de agosto de 2023

Núm. 158

Mediante resolución de data de sinatura electrónica 10/07/2023:

“Primeiro.- Estimar a solicitude formulada en data 05/07/2023 (expediente 3902/1101) pola voceira do grupo municipal do PP e recibida en data 06/07/2023 na Área de Recursos Humanos e Formación, e en consecuencia modificar a resolución de data 04/07/2023, relativa ao nomeamento do persoal eventual ao servizo dos grupos municipais do PP e do BNG, no relativo á data de efectos económicos e administrativos do nomeamento como persoal eventual (asesora) ao servizo do grupo municipal do PP no Concello de Vigo de D^a N. Sáinz Fernández, de xeito que a data de efectos económicos e administrativos do dito nomeamento se establece no 01/09/2023, mantendo os restantes extremos da resolución administrativa indicada.

(...)”.

MDG/

Vigo, data segundo sinatura dixital

A concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023).- Patricia Rodríguez Calviño

